



**DOSSIER
ACTUAMOS
ANTE AS
EMERXENCIAS
2024-25**



**Save the
Children**

Ao longo deste dossier do curso 2024/25 querémonos chegar máis ao concepto de emerxencia e como os nenos, nenas e adolescentes son as vítimas máis vulnerables. Non só actuar rápido é importante, tamén o é adiantármonos ás consecuencias catastróficas que teñen as emerxencias.

Non podemos prever cando vai ocorrer un terremoto ou un conflito, pero si podemos estar preparados a través do noso Fondo de Emerxencias. E para iso necesitamos a axuda de todos e todas.

Ademais deste dossier, contades con vídeos explicativos de moitos conceptos que aparecen aquí, así como actividades didácticas por etapas que axudarán a afondar sobre esta realidade na aula.



savethechildren.es/centros-educativos/materiales-didacticos/charla-emergencias



Edición:

Marisol Paniagua, Sara Adrián
y Alberto Fernández

Arte e maquetación:

Germán Gullón

BENVIDOS/AS!

Grazas por sumarnos un curso máis ás actividades solidarias nos centros escolares. Xa superamos as dúas décadas ao voso lado realizando actividades solidarias e de sensibilización. Grazas a elas, milleiros de alumnos e alumnas coñeceron outras realidades diferentes ás súas e se converteron no altofalante da infancia máis vulnerable.

O mundo cambiante no que vivimos parece ter unha constante: cada vez máis emerxencias asolan ás comunidades e os nenos, as nenas e as adolescentes son as primeiras vítimas.

As consecuencias do cambio climático tradúcense en secas máis prolongadas, choivas torrenciais que provocan graves inundacións, furacáns en épocas máis temperás do que correspondería. Todas estas situacións poden derivar no que chamamos **emerxencia climática**.

Tamén hai emerxencias relacionadas coas guerras e conflitos, nas que non só a violencia física e o risco evidente de morte son as ameazas que sofren os nenos e as nenas. Tamén a perda de referentes, o desprazamento incerto ata chegar a un lugar seguro, ou á perda incluso de familiares son so algún dos factores que afectan física e psicolxicamente a nenos e nenas.

Dende Save the Children, coa vosa axuda, traballamos para actuar rapidamente ante unha emerxencia e para minimizar as súas consecuencias procurando ás familias e aos seus fillos e fillas as ferramentas necesarias para facerlles fronte. **Ao longo de estas páxinas veredes como traballamos nos diferentes escenarios e a importancia do noso Fondo de Emerxencias para protexer a infancia máis vulnerable.**





OS DEREITOS DA INFANCIA NUN CONTEXTO DE EMERXENCIA

Os Dereitos da Infancia son especialmente vulnerables en contextos de emerxencia, e estes poden incluír desde desastres naturais ou conflitos armados, ata epidemias, desprazamentos forzados e outros eventos que perturban significativamente a vida normal das comunidades.

É fundamental asegurar que todas as respostas a emerxencia sexan inclusivas e non deixen ningún neno ou nena atrás, e que teña suficientes recursos financeiros e materiais para a súa protección e benestar.

ESTES SON OS SEUS DEREITOS FUNDAMENTAIS

Paragarantirestesdereitosdebenrealizarseavaliaciónsrápidasdasnecesidades e riscos específicos e deseñar intervencións adecuadas. A cooperación entre gobernos, organizacións internacionais, ONGs e comunidades locais é crucial para unha resposta coordinada e efectiva.

Dereito á Vida, Supervivencia e Desenvolvemento

Acceso a servizos básicos. Os nenos teñen dereito a servizos esenciais como alimentación, auga potable, atención médica e saneamento, incluso en situacións de emerxencia.

Dereito á Educación

Continuidade educativa. Debe garantir que os nenos poidan continuar a súa educación, xa sexa a través da rehabilitación das escolas danadas, a creación de espazos temporais de aprendizaxe ou o uso de tecnoloxías educativas nun entorno seguro para a aprendizaxe.

Dereito á Protección

Protección contra o recrutamento militar. Os nenos non deben ser recrutados ou empregados en conflitos armados e apoio psicosocial para axudarlles a superar o trauma e o estrés.

Dereito á Identidade

Rexistro de nacemento. Asegurar que todos os nenos sexan rexistrados ao nacer, incluso en situacións de desprazamento ou emerxencia, é crucial para garantir a súa identidade e acceso aos servizos e protección.

Dereito á Participación

Escoitar a voz dos nenos. Os nenos deben ter a oportunidade de expresar as súas opinións sobre as decisións que lles afectan e participar na planificación e execución de programas de emerxencia.

O Fondo de Emerxencias de Save the Children permite dispoñer de recursos financeiros a favor dunha avaliación rápida, dunha coordinación efectiva e do cumprimento dos Dereitos da Infancia desde o primeiro momento.



INFANCIA E CRISE CLIMÁTICA

EMERXENCIA CLIMÁTICA

«A historia dunha familia que coñecín quedoume gravada. O pai, Muktar Abdi , enfrontouse a unha decisión terrible e imposible cando as augas arrasaron o seu pobo. ¿Debía fuxir a un lugar seguro con dous dos seus fillos que estaban na granxa con el? ¿Ou intentar atopar a súa muller e ao seu fillo maior, que estaba no pobo exposto á crecida das augas? E o que é peor, ¿que podería salvar da súa casa mentres as augas se achegaban? ¿As reservas de comida? ¿As súas preciosas vacas das que dependían para vivir? A propia granxa? **Co noso fondo de emerxencias podemos garantir que as familias na súa mesma situación reconstruían a súa vida despois da catástrofe.»**

Abdirizak Ahmed, director de Área en Etiopía (na imaxe).

DESIGUALDADE, POBREZA E DESPRAZAMENTOS NO CORNO DE ÁFRICA

Nos últimos anos incrementouse dunha maneira drástica a cantidade de desastres vinculados ao clima, e prevese que haberá millóns de persoas desprazadas no sur e leste de África. A crise climática está xerando aínda máis desigualdade, pobreza e desprazamentos en África oriental. Está matando xente, está obrigando a abandonar os seus fogares e está arruinando a posibilidade de que os nenos e as nenas teñan un futuro.

En Etiopía, Somalia e no resto dos países do Corno de África, a evidencia científica relaciona directamente a seca dos últimos anos co cambio climático. Esta seca destruíu os medios de vida das familias, dedicadas á agricultura ou ao pastoreo. A tendencia climática é que a temporada seca sexa máis longa e a de choivas sexa máis corta, o que cambiará o seu ecosistema. **Como consecuencia, a supervivencia dos nenos e das nenas que nazen na rexión será cada vez máis difícil de asegurar.**

Durante o último ano, en Save the Children tivemos que activar equipos para atender emerxencias relacionadas con desastres climáticos ou sísmicos practicamente cada semana. A infancia vive nun clima cada vez máis extremo nun mundo cada vez máis desigual.





EMERXENCIA POR CONFLITO

*«Fixemos as maletas varias veces e impedíronnos saír varias veces. Cada vez que volvía a facer a maleta, cambiaba o que incluía e cada vez era máis práctico. Cando finalmente puidemos escapar, empaquetamos toda a nosa comida, levamos mistos e velas, medicinas e auga. Tamén documentos e xoias (por se necesitabamos vendelas), as cuncas dos nosos cans e as nosas cuncas favoritas, utensilios para cociñar nunha fogueira e unha tenda de campaña en caso de que tiveramos que vivir cos cans se non atopabamos refuxio rapidamente. **Estou moi orgullosa de traballar para Save the Children, sabendo que estamos aí para axudar en todo o que as familias esquecen e, o que é máis importante, no que non cabe nunha maleta.»***

Olga Shults , Responsable de Seguridade Alimentaria e Medios de Vida en Ucraína.

GUERRAS QUE ARRAÑAN VIDAS: DE UCRAÍNA Á REPÚBLICA DEMOCRÁTICA DO CONGO

Cando estala unha guerra, os nenos e as nenas ven perigar as súas oportunidades de futuro porque os seus dereitos pasan a un segundo plano. Ademais do perigo asociado ao propio conflito, deixan de asistir á escola porque non é segura, e de xogar cos seus amigos e amigas, con prexuízo na súa saúde mental. Os adultos da familia poden perder os seus traballos pola inestabilidade económica, polo que a alimentación será cada vez peor e máis difícil. En último extremo, fuxirán da súa casa, converténdose en refuxiados sen saber se algún día volverán aos seus fogares.

Un de cada cinco nenos no mundo vive no medio dunha guerra ou fuxiu dela. As cifras dos últimos meses son arrepiantes, co aumento da violencia en Sudán, os ataques que sofren os nenos e nenas na Franxa de Gaza ou a guerra en países como Siria ou Ucraína, sen vistas de que termine pronto.

Save the Children opera en Ucraína desde 2014 coa infancia máis vulnerable. Fai máis de dous anos mobilizámonos para axudar aos nenos e ás nenas alí sen imaxinar que o pesadelo se estendería sen un final claro á vista. Desde o primeiro momento acompañamos aos nenos e ás nenas de Ucraína e ás súas familias. **Máis de dous millóns de persoas recibiron a nosa axuda en forma de refuxio, alimento, protección, asistencia sanitaria e apoio educativo e psicolóxico.**

Ningún neno debería vivir coa incerteza da guerra, cos seus pais na fronte, o seu fogar destruído, a súa escola baixo o lume e a súa vida en constante perigo. Esa é a dura realidade que enfrenta a infancia en Ucraína, unha realidade que se estenderá por anos e deixará secuelas por décadas.

A República Democrática do Congo afronta unha das peores crisis humanitarias do mundo, e os nenos e as nenas pagan o prezo máis alto. A violencia ameaza as súas vidas, obrígalles a desprazarse dos seus fogares, e converte as súas escolas e áreas de xogo en campos de batalla. Ademais, quedan extremadamente vulnerables ao recrutamento por forzas armadas, expostos a secuestros e violencias sexuais.

O país africano tamén sofre os graves impactos da crise climática, con fenómenos meteorolóxicos máis frecuentes e severos, como secas e inundacións que devastan cultivos e aumentan o risco de brote de enfermidades.

Mentres as persoas adultas intentan impoñer a súa razón á forza, millóns de nenos e nenas sofren as consecuencias, pola resposta humanitaria desde Save the Children non pode cesar nin un segundo.



A NOSA RESPOSTA

COMO ACTUAMOS ANTE AS EMERXENCIAS

Cando se produce unha emerxencia, Save the Children proporciona o que non cabe nunha maleta, xa que o máis importante é garantir a protección e seguridade dos nenos e nenas afectados. Pero tamén actuamos de forma preventiva e despois de que a emerxencia en cuestión desapareza do foco dos medios.



Antes

Damos ferramentas ás comunidades para prepararse ante secas; reforzamos fogares e escolas se se prevé inundación; vacinamos aos nenos e nenas contra as enfermidades máis comúns, e melloramos os sistemas de alerta temperá.

Durante

Proporcionamos axuda que salva vidas:

- Comida
- Cartos en efectivo
- Auga potable
- Refuxio
- Medicamentos
- Mantas
- Roupa
- Artigos de aseo

Despois

Permanecemos o tempo que faga falta para axudar aos nenos e ás nenas a recuperárense. Proporcionamos educación e apoio psicolóxico a través de espazos seguros, ademais de atención sanitaria e reunificación familiar cando proceda.

QUE É O FONDO DE EMERXENCIAS DE SAVE THE CHILDREN

En todo o mundo, máis de 40 millóns de nenos e nenas perderon o seu fogar, o seu sitio seguro, a causa de guerras ou desastres naturais. Os nenos e as nenas sofren unha crise tras outra. Desde a terrible guerra na Franxa de Gaza, á que aínda segue sufrindo en Ucraína ou lemen aos terremotos de Siria e Turquía ou á crise alimentaria global: a infancia vive nun estado constante de emerxencia.

O Fondo de Emerxencias permite estar preparados, responder máis rápido e protexer durante máis tempo á infancia e aos seus familiares cando se producen as catástrofes humanitarias, dándolles seguridade, educación, refuxio, saúde e protección.

Ao longo destas páxinas puidestes constatar que nenos e nenas, nunha emerxencia, son os máis vulnerables, pero tamén son incrivelmente fortes e co apoio necesario, son quen de superar as situacións máis devastadoras.

A nosa labor nunca foi tan difícil nin perigosa, pero temos máis forza que nunca e, grazas ao voso apoio a través das actividades solidarias, podemos darlles comida, bens de primeira necesidade, asistencia médica, refuxio, educación e protección. Podemos conseguir que os Dereitos da Infancia se cumpran incluso nun contexto de emerxencia.



PROPOSTAS DIDÁCTICAS

A XUSTIZA, A IGUALDADE E A DIGNIDADE EN PROCESOS PARTICIPATIVOS PARA A AULA

O material didáctico proposto a continuación aproxímase aos estudantes para coñecer realidades do mundo e facilitar procesos de participación en favor da xustiza, a igualdade de dereitos e a dignidade. Xunto cos vídeos da nosa web, podedes traballar na aula, previamente á realización da actividade solidaria, a realidade que viven os nenos e as nenas a quen axudaredes.

 savethechildren.es/centros-educativos/materiales-didacticos/material-audiovisual 

OBXECTIVOS DAS PROPOSTAS DIDÁCTICAS

- Dar a coñecer a situación das nenas e nenos que sofren unha emerxencia e as súas consecuencias.
- Espertar actitudes positivas necesarias para mellorar a vida en xeral e de nenas e nenos desprotexidos en particular.
- Facilitar a participación a favor da igualdade e o futuro seguro de nenas e nenos.

PROCESOS METODOLÓXICOS DAS PROPOSTAS DIDÁCTICAS

No deseño das actividades preséntanse tres procesos metodolóxicos que se axustan ao currículo de aprendizaxe dos diferentes niveis educativos:

COÑECER: proceso de escoita e comprensión da información.

REFLEXIONAR: proceso de asimilación para sacar conclusións tanto individuais como grupais.

PARTICIPAR: proceso de acción colectiva responsable a favor dos Dereitos da Infancia.



UN REFUXIO NA AULA

Cando ocorre unha emerxencia, a seguridade é primordial para os nenos e nenas. Para achegar este concepto a vista do alumnado, propoñemos a construción dun refuxio na aula. Pensarán sobre a quen invitarían ao refuxio como forma de comezar a coñecer outras realidades e abrir a percepción de igualdade entre todos os nenos e nenas do mundo.

Que necesitas

Material reciclado (cartóns de ovos, bandexas...), telas, pinceis, pinturas, rotuladores, autocolantes, pegamento, papeis de cores, la, corda, cordón, punzón, grampadoras...

Explicación

- **Invitar a nenos e nenas a construír xuntos un refuxio (5 min.)**

A profesora explica que todos necesitamos un refuxio para acubillarnos e sentirnos seguros, necesitamos un lugar protexido do frío, da calor, do medo, do ruído... e poder sentirnos seguros xunto aos que nos queren.

- **Pregunta e rolda de respostas (10 min.)**

Reunímonos en círculo, a profesora pregunta: ¿A quen invitariamos ao noso refuxio?, nenos e nenas responderán de forma espontánea, e finalizarán a rolda explicando que ela invitaría a nenos e nenas que levan moitos anos buscando un refuxio tranquilo e un colexio onde poder sentirse seguros e seguir aprendendo e xogando porque xa non poden estar nas súas casas porque houbo unha inundación ou unha guerra preto dos seus fogares.

- **Comezamos o refuxio (25 min.)**

A profesora prepara pinturas, papeis e autocolantes para dar cor aos cartóns de ovos, as bandexas recicladas... todo o material reciclado aproveitable. A profesora unirá con la ou corda os materiais decorados ata dar forma ao tellado. Posteriormente con tea (en tiras, a modo de cortina de encaixe...) engánchase ao tellado e colga deste, dando forma ás paredes. (Esta é unha suxestión. Pode facerse un refuxio máis sinxelo a través dunha tenda de campaña e decorar)

- **Sentimos o noso refuxio (10 min.)**

Finalizado o refuxio, a profesora explica que servirá para acubillarnos sempre que necesitamos sentirnos ben e que nos queiran, pasaremos a coñecer o refuxio dun en un, xuntos, cantando, bailando, escoitando, a gatas, sorrindo... serviranos para saber a importancia. de sentirnos seguros. Save the Children constrúe refuxios, Espazos Seguros, para que nenos e nenas poidan recuperar esa seguridade.

Suxestións

Como tarefa previa á actividade, invitamos ás familias a traer material reciclado bandexas, cartóns de ovos... e teas que non usen.

O tempo empregado nas diferentes fases da actividade é orientador, pode estenderse ou acortarse segundo o criterio docente e a idade dos participantes.

Pregunta para finalizar

¿Cantos nenos e nenas vos sentides protexidos e seguros?, ¿que necesidades para sentirvos seguros?, ¿coñecemos a algún neno ou nena que non se sente seguro? ¿Por que?



**EDUCACIÓN
PRIMARIA
6-9 AÑOS**



PINTA A EMOCIÓN DE YULIA

Propoñémosvos que os vosos alumnos e alumnas coñezan os soños e os sentimentos dunha nena que tivo que abandonar o seu fogar debido á guerra a través dun breve relato; despois reflictan en viñetas ou murais con debuxos os sentimentos e soños de Yulia. Ó final debátese sobre os soños.

Que necesitas

Relato de Yulia , papel continuo, rotuladores, pinturas.

Explicación

- **Contar o relato (10 min.)**

Yulia ten 8 anos e vive coa súa familia en Járkov. Encántanlle os animais e ten un soño, ser veterinaria. Sen embargo, desde fai semanas, as sirenas espértana pola noite e ten medo. A súa irmá maior díxolle que esas sirenas servían para afastar ós monstros para que así non tivera tanto medo do son. Viven nun quinto piso e teñen que baixar as escaleiras ata o soto cada vez que soa a sirena. Co paso dos días, pasou máis tempo aí que na súa casa, á que só subían para cociñar.

A Yulia gustaríalle volver ao colexio para ver aos seus amigos e amigas. Agora só pode xogar coa súa irmá maior porque no seu edificio non hai nenos da súa idade.

Un día, a súa nai díxolles que tiñan que marchar e deixar atrás a súa casa e todo o que coñecían porque xa non era seguro seguir vivindo aí. Colleron o básico: botica de primeiros auxilios, documentos, algo de roupa... Encheron o coche con todo o que puideron levar.

«Soño coa miña habitación, os meus xoguetes, nada é como antes, síntome perdida. Quero estar tranquila».

- **Pintar o relato (25 min.)**

A profesora organiza grupos de traballo para realizar “murais-viñeta” en papel continuo, en cada mural escíbese unha frase do relato de Yulia .

Reparte os murais polo espazo e deixa material para debuxar, cada grupo vai rotando polos murais e teñen cinco minutos para reflectir no debuxo que sinte Yulia .

- **Debatemos os sonhos de Yulia e que levaría cada un se tiveran que marchar da súa casa rapidamente (15 min.)**

A profesora pregunta ao grupo se Yulia e outros nenos e nenas teñen que cumprir o seu soño de futuro e porque, as respostas poden ser anotadas tamén nos murais.



Suxestións

A profesora estrutura a aula segundo a idade. Os murais-viñetas, tanto a elección de frases para as viñetas, como o método para debuxar (debuxo libre, por grupos, observación, continuar o compañeiro...) son organizados segundo a idade dos participantes

O vídeo sobre nenos e nenas que deixan o seu fogar e chegan a outra escola nun país diferente pode axudar a afondar máis nas emocións derivadas destas situacións.



Ao rematar

Explicamos a actividade solidaria, repártese o carné e explícase a importancia de buscar patrocinadores que axuden economicamente para que nenos e nenas como Yulia teñan oportunidades de ir á escola e sobrevivir.

**EDUCACIÓN
PRIMARIA
9-12 AÑOS**



¿QUE LEVARÍAS?

O obxectivo é que os participantes coñezan algúns aspectos da realidade de nenas e nenos que tiveron que marchar dos seus fogares a través dunha entrevista estruturada. O modelo de entrevista axuda a poñerse en distintas perspectivas, refuxiado e periodista. Ao finalizar é importante partillar opinións e sentires sobre a experiencia.

Que necesitas

Entrevista, folios e bolígrafos.

Explicación

- **Explicación do profesor (5 min.)**

O profesor explica que poden darse diferentes situacións polas que as familias teñen que deixar a súa casa: unha inundación, unha seca extrema, unha guerra; por exemplo, a guerra en Ucraína comezou hai 2 anos, en Siria leva máis de 13 anos. Nestas situacións de emerxencia, non hai moito tempo para meter nunha mochila ou maleta todo o que se quere levar contigo. Hai incerteza, medo, preocupación e hai que deixar atrás moitas cousas, non só materiais, tamén a amigos, familiares, a seguridade, a escola, etc.



● Entrevistas mutuas (15 min.)

A profesora propón aos participantes que formen parellas; durante 7 minutos un membro da parella poñerase no papel de ser un neno ou nena refuxiada pola guerra ou desprazado por unha inundación ou outro desastre natural e o outro de entrevistador, pasados os 7 minutos cambiarán o papel. Cando teñan que ser entrevistados, poderá escoller un nome e un país de procedencia. A profesora reparte o guión da entrevista:

1. ¿Como te chamas?
2. ¿Cantos anos tes?
3. ¿Canto tempo fai que saíches do teu país?
4. ¿Que pensaches cando os teus pais che dixeron que tiñas que preparar unha soa mochila coas túas cousas?
5. ¿Que metiches nesa mochila? ¿Que tiveches que deixar atrás?
6. ¿Acolleute algún país ou estás vivindo nun campo de refuxiados?
7. ¿Que che gustaría ser de maior?
8. ¿Como era a túa casa antes da guerra?
9. ¿Como era o teu colexio?
10. ¿Que sentes ao ser refuxiado?

● Poñemos en común (10 min.)

Tras as entrevistas comezamos un intercambio de opinións onde poñemos en común como nos sentimos como refuxiados e como entrevistadores. ¿Que descubrimos?, ¿Crees que te puxeches un pouco na pel dun neno ou nena refuxiada?, ¿Por que consideras que é difícil poñerse na súa pel?

Suxestións

Antes de realizar a actividade, podes ver os vídeos de Save the Children sobre a realidade de nenos e nenas refuxiadas para contextualizar e entender a necesidade de axudar a través da acción solidaria.



savethechildren.es/centros-educativos/materiales-didacticos/material-audiovisual



Ao rematar

Explicamos a actividade solidaria, repártese o carné e explícase a importancia de buscar patrocinadores que axuden economicamente para que nenos e nenas teñan oportunidades de sobrevivir e continuar coa súa educación.

**EDUCACIÓN
SECUNDARIA
12-16 AÑOS**



A GUERRA É UNHA FÁBRICA DE BALEIRO

Queremos que os participantes coñezan a diferentes persoas que inflúen na vida dun neno ou nena refuxiada a través da súa historia. Os grupos de traballo pensan sobre as cualidades das persoas que contribúen a mellorar a vida doutros, e reflexionan sobre a necesidade de apoiar a dignidade dos nenos e das nenas.

Que necesitas

Historia de Radi , folios, bolígrafos, papel, cartolinas e rotuladores.

Explicación

- **Historia de Radi (5 min.)**

O profesor conta a Historia de Radi , un neno refuxiado sirio: “Radi ten dous anos cando fuxe so de Siria e chega a Berlín. Ninguén sabe o que ten vivido na súa fuxida polo mediterráneo, nin as súas perdas.

Radi atópase completamente só en Berlín cando Otto e Dorothea o acollen na casa que compartían con outros maiores e ocúpanse del. Día a día aprende o idioma, os costumes da nova familia e a adaptarse ao colexio. Pero é a gran conexión e amizade con Berto , un profesor de 50 anos, con Humberta , unha compañeira de 11 anos e Oswaldo un home de 65 anos, os que lle axudan a convivir cos seus medos. Aos poucos aprende a confiar nas persoas que o acollen na súa casa compartida e na súa escola.

- **Pensar e anotar cualidades (15 min.)**

A profesora realiza seis grupos de traballo, a cada grupo índicalle un nome das persoas que conforman a nova historia de Radi (Otto, Dorothea, Berto , Humberta, Oswaldo e Radi). Cada grupo durante 7 min. dialoga sobre o personaxe e anotan nun papel as cualidades que consideran que ten este amigo descoñecido que lles toca.

- **Poñemos en común cualidades (10 min.)**

Tras o traballo en grupos poñemos en común as cualidades das persoas que contribúen a mellorar a vida doutros e apoian a vida con dignidade no mundo (recoñecemos as cualidades nun mural). A profesora explica que é necesario favorecer estas cualidades e por isto decidiuse participar na actividade solidaria de Save the Children para defender os Dereitos da Infancia.

Suxestións

Podes visualizar a seguinte curta sobre nenos e nenas que sofren unha emerxencia. É unha historia de ficción, pero baseada nas vivencias de milleiros de nenos e nenas.



Ao rematar

Explicamos a actividade solidaria, repártese o carné de corredor e explícase a importancia de buscar patrocinadores que axuden economicamente para que nenos e nenas que están sufrindo unha emerxencia teñan a oportunidade de ir á escola e sobrevivir.



MOITO MÁIS NA WEB




Queremos terminar este dossier didáctico reiterando o noso agradecemento por impulsar as actividades solidarias de Save the Children no voso centro. As emerxencias están sendo cada vez máis frecuentes, por unhas causas ou outras, pero o que é seguro é que a infancia sae peor parada en todos os casos.

Grazas ao voso apoio podemos responder máis rápido e axudar durante máis tempo a quen perdeu todo para recuperar a súa esperanza nun futuro mellor.

PREGUNTAS FRECUENTES E NÚMEROS DE CONTA

Na nosa web accederedes a preguntas frecuentes sobre a nosa organización e as nosas actividades. Alí atoparedes **os números de conta onde ao ingresar a vosa recadación solidaria** enviaremos un recibo e un diploma de graduación para partillar coa vista comunidade educativa.

Xa teño a miña recadación. Agora que?



POR UNHA MAREA ESCOLAR EN FAVOR DOS DEREITOS DA INFANCIA

En Save the Children defendemos un alumnado protagonista da acción. Unha infancia que se move para cambiar o mundo é unha infancia educada en valores de empatía, sustentabilidade e solidariedade.

**Grazas por ser o altofalante da infancia
que máis sofre.**



**SE TE MOVES,
O MUNDO MÓVESE**



Save the Children